



# CONCELLO DE PONTECESURES

## B A N D O

### JUAN MANUEL VIDAL SEAGE, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESURES

Ante a próxima celebración da NOITE DE SAN XOAN, e DEBIDO Á SITUACIÓN EXCEPCIONAL DERIVADA DA CRISE SANITARIA DO CORONAVIRUS (COVID-19), e en PREVENCIÓN de posibles prexuízos que se puideran producir tanto a bens como a persoas

## F A G O S A B E R

Primeiro.-**PROHÍBENSE TODAS AS FOGUEIRAS COMUNITARIAS** que se asenten en **ESPAZO PÚBLICO**, xa que non se poden garantir as medidas sanitarias e de seguridade habituais destas celebracións.

Segundo.- **AUTORÍZANSE AS FOGUEIRAS de San Xoán aos PARTICULARES**, que se asenten **EN ESPAZOS DE TITULARIDADE PRIVADA**.

Como **MÁXIMO PODERANSE CONCENTRAR 20 PERSOAS** en cada unha das fogueiras particulares.

O protocolo establecido para a celebración de fogueiras particulares é o seguinte:

1.-As fogueiras deberán realizarse en lugares despexados e mantendo unha distancia de seguridade prudencial de edificacións, de liñas eléctricas, de zonas verdes ou xardíns, de mobiliario urbano ou de vehículos, ou daqueles onde poidan crearse situacións de perigo.

2.-O asentamento das fogueiras non deberá entorpecer, en ningún caso, os viais de acceso e circulación da zona.

3.-Non se poderán queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes ou tóxicos, recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays).

4.-Os organizadores das fogueiras deberán responsabilizarse dunha correcta e total extinción do lume, así como de retirar todos os restos da queima, deixando o lugar do seu emprazamento nas mesmas condicións ornato que estaba previamente.

Esta Alcaldía chama aos veciños ao cumprimento das normas contidas neste BANDO a fin de que a NOITE DE SAN XOAN transcorra nun ambiente de sana e pacífica convivencia cidadá.

Os veciños que teñan intención de facer fogueiras, e co obxecto de previr calquera tipo de incidente, **DEBERÁN COMUNICALO** preferentemente por medios electrónicos ou nas oficinas do CONCELLO, seguindo o modelo que se fai público, antes das 14:00 horas do día 23 de xuño de 2020.

Calquera dúbida será resolta no teléfono 986557125

**PONTECESURES, 7 DE XUÑO DE 2021**

**O ALCALDE**

**JUAN MANUEL VIDAL SEAGE**

**ALCALDIA**